DEPUTACIÓN DE LUGO

**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E DOUS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. Mª. Del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e dous de marzo de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor Deputado D. Daniel García Fernández.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 1/64 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA QUINCE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de marzo de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DAS PÓLIZAS DOS SEGUROS PRIVADOS DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES, FROTA DE VEHÍCULOS, VIDA E ACCIDENTES E SEGURO DE GANDO VACÚN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Os efectos de aprobación do expediente da contratación das pólizas dos seguros privados de danos en bens mobles e inmobles, frota de vehículos, vida e accidentes e seguro de gando vacún da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

1.- Providencia de inicio e Memoria Xuxtificativa, con CSV: IV7XVWZ7PZOKXSGKYN5UE4IEII

2.- Pregos de prescricións técnicas, con CSV: *Lote 1: V7XUGDICFPT5SO6YVOV6FHT5Y; Lote 2: IV7XVWZNH75J35F3RU6HEEIGOE;Lote 3: IV7XUAI3BBMPLZFJA4MNJY3HCQ; Lote 4: IV7XUAIYMEFJ7BOKYUPHL4SUP4*.

3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV:IV7XWSK63NBCTLBIYIEBOHQF4I

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares,con CSV: IV7XWSQNKBR4JKJY6BVAEL3C4U

5.-Informe xurídico con CSV: IV7XWSQCZ5XSR2FS4MWF643XGU

6.-Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o expediente para a contratación da das pólizas dos seguros privados de danos en bens mobles e inmobles, frota de vehículos, vida e accidentes, seguro de gando vacún e seguro de gando cabalar da Deputación Provincial de Lugo, coa seguinte división por lotes:

| LOTE | SEGURO |
|---|---|
| 1 | SEGURO DE DAÑOS MATERIALES |
| 2 | SEGURO DE LA FLOTA DE VEHÍCULOS Y MAQUINARIA. |
| 3 | SEGURO DE VIDA Y ACCIDENTES PARA TODO EL PERSONAL |
| 4 | AGROSEGURO |

**2º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP, en base á mellor relación calidade-prezo. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP.

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 939.146,30 euros,IVE exento, co seguinte desglose.

| Lote | Aplic. Orzam. | Importe 2024 | Importe 2025 |
|---|---|---|---|
| LOTE I.- SEGURO DE DANOS MATERIAIS EN BENS MOBLES E INMOBLES. | 9200.224 | 133.071,41 € | 133.071,41 € |
| LOTE II.- SEGURO DE FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA. | 9201.224 | 59.282,80 € | 59.282,80 € |
| LOTE III.- SEGURO DE VIDA Y ACCIDENTES PARA TODO EL PERSONAL. | 2210.16205 | 257.702,00 € | 257.702,00 € |
| LOTE IV.- AGROSEGURO. SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCIÓN E PRODUCIÓN. | 4120.224 | 19.516,94 € | 19.516,94 € |
| | | 469.573,15 € | 469.573,15 € |

Existe consignación nas Aplicación Orzamentaria que se indicada, do orzamento de gastos do 2024, pola cantidade de 469.573,15 euros.

A Deputación adquiere o compromiso, supeditado a disponibilidade orzamentaria e de cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade finaceira, de incluir nos orzamentos da anualidade 2025 a cantidade de 469.573,15 euros.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN DAS FACHADAS DO PAZO PROVINCIAL DOS DEPORTES DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de conservación das fachadas do Pazo Provincial do Deportes de Lugo, consta no mesmo:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 4/64 |

1.- Orde de inicio e memoria xustificativa da contratación, con CSV: IV7WGYKJYEH66TJ5SHWNCHTUGQ[1]

2.- Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, con CSV: IV7WGYKI3X4DLHH3QJINCMPT4E

3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7W2PAY3MFOKWP7QPQCK7RA4Q

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XVTC6YEGK7RG23XXCJ4ZGE4

5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7XVTC43YRL37Z4AHUXOZJBOM

6.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do servizo de conservación das fachadas do Pazo Provincial do Deportes de Lugo, 2024/CON_02/000012, con un prazo de execución de dous meses.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

correspondente anuncio mediante a inserción do correspondente no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 88.573,18 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 18.600,37 € o que fai un total de 107.173,55 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

Existe consignación na aplicación orzamentaria 3420 632, do orzamento de gastos do 2024, polo importe relacionado".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO E DESENVOLVEMENTO DE NOVAS FUNCIONALIDADES E EVOLUTIVOS DAS APLICACIÓNS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DE DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do mantemento e desenvolvemento de novas funcionalidades e evolutivos das aplicacións de administración electrónica de Deputación de Lugo, consta no mesmo:

- Providencia de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7WGK7P3RVPVKMLUMAW4AQDIU
- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7WGK7PBBHMVKXCCN5VITXXKI
- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WHWDLBH7YLLOIATUUGRCVHY
- Informe adicional do servizo de comunicación e TICS, con CSV: IV7XU6P5FQVNXSJIRUHUHZAPN4
- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WHS2CPEH6VOJ6QB5HIVQAKY
- Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7XUPC7PRZ4TXXYYA4SAMRA6I
- Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7XUPBMJJUYYSPYTTVH4UY7AQ
- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do mantemento e desenvolvemento de novas funcionalidades e evolutivos das aplicacións de administración electrónica de Deputación de Lugo, expediente 2024/CON_02/000018.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse os convites ao licitador que se indica a continuación: Guadaltel S.A. con NIF: A41414145.

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato (dous anos), que ascende a 84.300,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 17.703,00 €, o que fai un total de 102.003,00 €.

O gasto financiarase segundo consta no informe de consignación da Intervención:

1º) O importe do contrato ascende a 102.203,00 €, IVE engadido, e financiase de acordo as seguintes anualidades:

| ANUALIDADE | APLICACIÓN | IMPORTE | RC |
|---|---|---|---|
| 2024 (9 meses) | 9200.216 | 38.251,12 | 22024/5912 |
| 2025 | 9200.216 | 51.001,50 | 220249/71 |


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 7/64 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2026 (3 meses) | 9200.216 | 12.750,38 | 220249/71 |
| SUMA | | 102.003,00 | |

2º) Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2024, polos importes relacionados, para a anualidade 2024.

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2025 e 2026 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS, CONTROL E PREVENCIÓN DA LEXIONELOSIS E DESRATIZACIÓN, DESINSECTACIÓN E DESINFECCIÓN NOS CENTROS DE ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, MEIRA, POL, CASTROVERDE, A FONSAGRADA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, NAVIA DE SUARNA, RIBAS DE SIL E RIBADEO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de mantemento integral das instalacións térmicas, control e prevención da lexionelosis e desratización, desinsectación e desinfección nos centros de atención as persoas maiores de Trabada, Meira, Pol, Castroverde, a Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna, Ribas de Sil e Ribadeo, 2024/CON_02/000022, consta no mesmo:

1.- Orden de inicio de expediente e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7XUPJNP4XCVBGPRRY5MUCBJY[2]
2.- Prego de prescricións técnicas, asinado pola técnica do Servizo de Benestar Social con CSV: IV7XU3CLLEHT5FP3UB4M6MKPMY

3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7XUP3NKFZ75CZKSJWD752FCU

---

[2]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 8/64 |

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XVWXLDEXK2RHNRROBMX77I4

5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7XVWZCBX42ZTMCTUHVEAYQGI

6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7XVXB3AEUJTJP5W5EQ6MTFIY

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións térmicas, control e prevención da lexionelosis e desratización, desinsectación e desinfección nos centros de atención as persoas maiores de Trabada, Meira, Pol, Castroverde, a Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna, Ribas de Sil e Ribadeo, 2024/CON_02/000022, para unha duración de 15 meses, sen previsión de prórroga.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 115.460,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 24.246,60 €, o que fai un total de 139.706,60 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe financiarase de acordo coas seguintes anualidades:

| CAM | 2024 (6 meses) | RC | 2025 (9 meses) | RC | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| Trabada | 6.394,85 € | 22024/6947 | 9.262,55 € | 220249/75 | 15.657,40 € |
| Meira | 6.382,75 € | 22024/6951 | 9.183,90 € | 220249/77 | 15.566,65 € |
| Pol | 6.382,75 € | 22024/6954 | 9.183,90 € | 220249/79 | 15.566,65 € |
| Castroverde | 6.261,75 € | 22024/6959 | 9.062,90 € | 220249/81 | 15.324,65 € |
| A Fonsagrada | 6.382,75 € | 22024/6961 | 9.183,90 € | 220249/83 | 15.566,65 € |
| Pedrafita | 6.382,75 € | 22024/6963 | 9.183,90 € | 220249/85 | 15.566,65 € |
| Navia de Suarna | 6.261,75 € | 22024/6965 | 9.062,90 € | 220249/87 | 15.324,65 € |
| Ribas de Sil | 6.382,75 € | 22024/6968 | 9.183,90 € | 220249/89 | 15.566,65 € |
| Ribadeo | 6.382,75 € | 22024/6970 | 9.183,90 € | 220249/91 | 15.566,65 € |
| Totais | 57.214,85 € | | 82.491,75 € | | 139.706,60 € |

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2024, polo importe relacionado, para a anualidade 2024.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2025 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ENSILADO DE HERBA NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a acta da mesa de contratación do día 13 de marzo de 2024, na que se recolle o seguinte:

*" Antecedentes:*

- *Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WYGZ43I65JKMD4FIWCFDV54*
- *Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7WYGSJYD6LXKXTVTUU6PS7AA*
- *Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WYULIHTRN3W557UE45ZLRME*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WYGRLPYOCTKU5Q4XVL5YG4Q*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 10/64 |

- *Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7WYKD3HEV77HZYQB6V6RXPAQ*
- *Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7WYK7TLQNPLH6C7XUXEMP6EM*
- *Proposta de Presidencia, con CSV: IV7WYOATDRP23CONDQ6MNZCGD4*
- *Acordo da Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7W2WSSPJJCJSO3Y76AEYYXKQ*
- *Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 6 de febreiro de 2024.*
- *Acta da Mesa de Contratación do día 29 de febreiro de 2024, con CSV: IV7WGYBPCAOJR6NIUHQEEYZRHY, na que se recolle o seguinte:*

*"Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:*

*Licitadores*

- *Agrícola Eustaquio, S.L.*
- *T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L.*

*Procédese á apertura do sobre electrónico único, resultando que: T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L. non presenta o Anexo I, declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos.*

*O resto de documentación administrativa presentada pola empresa Agrícola Eustaquio é correcta tanto en forma coma en prazo.*

*Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:*

| *LICITADORES* | *OFERTA ECONÓMICA % DESCONTO* | *MULLERES EN SECTORES CON POUCA REPRESENTACIÓN* | *PERSOAL CON CONTRATO INDEFINIDO (adscrito ao contrato)* |
|---|---|---|---|
| *Agrícola Eustaquio, S.L.* | *15 %* | *1* | *6* |
| *T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L.* | *0 %* | *0* | *0* |

*Acto seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliables automaticamente, co seguinte resultado:*

| LICITADORES | PUNTUACIÓN OFERTA | PUNTUACIÓN MULLERES EN SECTORES CON POUCA REPRESENTACIÓN | PUNTUACIÓN PERSOAL CON CONTRATO INDEFINIDO (adscrito ao contrato) | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| Agrícola Eustaquio, S.L. | 80 | 5 | 10 | 95 |
| T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L. | 0 | 0 | 0 | 0 |

*A continuación, realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo o resultado o seguinte:*

| OFERTAS PRESENTADAS | Importe Oferta | Importe de la Baja | Porcentaje de Baja sobre precio base licitación | ¿Baja Temeraria? |
|---|---|---|---|---|
| Agrícola Eustaquio, S.L. | 267,75 | 47,25 | 15,00 % | No es Baja Temeraria |
| T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L. | 315,00 | 0,00 | 0,00 % | No es Baja Temeraria |

*Visto o que antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:*

*1.- Requirir á empresa T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L. para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente debidamente cumprimentado o Anexo I.*

*- Requirir á empresa Agrícola Eustaquio, S.L. para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 12/64 |

*Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.*

*A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.*

*...*

*Dilixencia*

*Para facer constar que descargada a documentación presentada polas licitadoras a través da Plataforma de Contratos do Sector Público pódese comprobar que consta o Anexo I da licitadora T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L. polo que non procede a emenda deste. "*

*Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe 13 de marzo de 2024, valórase a documentación do artigo 159 da LCSP. En primeiro lugar valórase a documentación obtida polo Servizo de Contratación, para a empresa mellor valorada, Agrícola Eustaquio, S.L.: certificado do ROLECE no que consta NIF, DNI do administrador solidario, obxecto social, información de inscrición no Rexistro mercantil, certificados de alta en IAE, da Axencia Tributaria, da Seguridade Social e do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo e en segundo lugar dase conta do informe emitido polo órgano xestor respecto da documentación aportada pola empresa en base ao regulado no PCAP concluíndo o seguinte:*

*"...*
*Que a relación relativa a maquinaria necesaria para a realización dos traballos así coma do persoal que dispón para o manexo da mesma que aporta o licitador Agrícola Eustaquio S.L. se axusta ao disposto nos Pregos de claúsulas administrativas e de Prescricións técnicas relativos á contratación do servizo de ensilado de herba na Granxa Provincial Gayoso Castro (EXPDTE. 2024/CON_02/000005), e polo tanto resulta axeitada para o correcto desenvolvemento dos servizos obxecto do contrato."*

*Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.*

*Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:*

*1º.- Clasificar aos licitadores admitidos , atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:*

| *Nº ORDE* | *LICITADOR* | *PUNTUACIÓN ACADADA* |
|---|---|---|
| *1* | *Agrícola Eustaquio, S.L.* | *95* |
| *2* | *T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L.* | *0* |

*2º.- Adxudicar á empresa Agrícola Eustaquio, S.L. a contratación do servizo de ensilado de herba na Granxa Provincial Gayoso Castro, expediente 2024/CON_02/000005, por un prezo unitario de 267,75 €/Ha (resultado de aplicar unha redución ofertada do 15 % sobre o prezo unitario inicial), sendo o importe máximo de adxudicación de 29.925,00€, ao que se aplicará un IVE do 10%, 2.992,50 €, o que fai un total de 32.917,50 €.*

*3º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos."*

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Clasificar aos licitadores admitidos , atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

| Nº ORDE | LICITADOR | PUNTUACIÓN ACADADA |
|---|---|---|
| 1 | Agrícola Eustaquio, S.L. | 95 |
| 2 | T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L. | 0 |

**2º.-** Adxudicar á empresa Agrícola Eustaquio, S.L. a contratación do servizo de ensilado de herba na Granxa Provincial Gayoso Castro, expediente 2024/CON_02/000005, por un prezo unitario de *267,75* €/Ha, sen IVE, (resultado de aplicar unha redución ofertada do 15 % sobre o prezo unitario inicial), sendo o importe máximo de adxudicación de 29.925,00€, ao que se aplicará un IVE do 10%, 2.992,50 €, o que fai un total de 32.917,50 €.

**3º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**4º.-** Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

**5º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA ADECUACIÓN DA PLATAFORMA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A SÚA INTEGRACIÓN COAS FERRAMENTAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO (INTEGRACIÓN DE REXISTROS SIR, INTEGRACIÓN CO SISTEMA DE NOTIFICACIÓN A TRAVÉS DO DEHÚ, INTEGRACIÓN CO PUNTO XERAL DE ENTRADA DE FACTURAS FACE E INTEGRACIÓN CO CARTAFOL CIDADÁ). CONTRATO ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO) NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU" .**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a certificación dos acordos adoptados pola mesa de contratación, celebrada o 19 de febrerio de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

*"Antecedentes:*

1. Memoria xustificativa do contrato, e motivación da urxencia da contratación con CSV: IV7WSXJIPHVTVXE75RUEAQKTIE e Informe adicional á Memoria xustificativa con CSV:IV7WSLXYD34M7W5JWAQWF33EKI
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV:. IV7WWP75KBFDUWPJTVGNERJEP4
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WQ6CSCAONIWRPUAFBCMKHMA
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WSXS5LA427SOIAUPS63ZE74
5. Informe do Servizo de Contratación, conformado pola Secretaría, con CSV: IV7WSXST3H4KQTXNZXYW63QF6E
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7WSPY2FN6PR6O74AXRIHZG6A


| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 15/64 |

7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7WTTDZ3NU6KTNCYJOCMNJPOA

8. Acordo de Xunta de Goberno do día 29 de decembro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7W437MAAR5VJBNWAY4CMZCMM

9.- Convite cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 02 de xaneiro de 2024.

10.- Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 22 de xaneiro de 2024, con CSV:IV7WYX2KDBH4UXZC6M5TO3YAJY , na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta que se incorpora ao expediente o informe de resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por MINERVA concluíndo o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta que se incorpora ao expediente o informe de resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por MINERVA concluíndo o seguinte:

"*Se ha realizado el análisis de riesgos de las 10 posibles parejas decisor-potencial beneficiario,siendo el resultado el siguiente:*

*10 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes)*

*0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)*

*Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras).*

*Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde."*

A maiores incorpóranse ao expediente as declaracións de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación.

En primeiro lugar, procédese á apertura do sobre A presentado pola empresa convidada ao presente procedemento, Espublico para la Administración, S.A., considerando que a empresa presentou dentro do prazo concedido a tales efectos as súa proposta.A Mesa de contratación acorda admitir a oferta procedendo á cualificación do sobre electrónico, co seguinte resultado:

- *O Anexo I presentado por Espublico para la Administración, S.A. axústase aos requisitos recollidos no PCAP.*

| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 16/64 |

Acto seguido procédese ao exame do sobre B, relativo á fase 1 do procedemento, que contén o modelo de proposición económica sendo o resultado o seguinte:

*-Se compromete a realizar o obxecto do contrato ofertando unha baixada do prezo da licitación de 0,00 % (axustado a un máximo de 2 decimais).*

*-O licitador declara que a empresa está certificada no Esquema Nacional de Seguridade cunha certificación superior (categoría ALTA) respecto da mínima esixida (categoría MEDIAe que no caso de resultar adxudicataria comprométese a presentar no prazo sinalado na cláusula 17 deste PCAP a documentación acreditativa ao respecto, a través dun certificado emitido por algunha das empresas certificadoras indicadas pola ENAC (Entidad Nacional de Acreditación).*

*Sinalar cunha "x" a opción correcta.*
☒***SI***

☐*NON*
*-O licitador declara ter un nivel de disponibilidade e servizo do hosting equivalente a TIER IV (99.995% de tempo de servizo anual garantizado) ou superior,e que no caso de resultar adxudicataria comprométese a presentar no prazo sinalado na cláusula 17 deste PCAP a documentación acreditativa ao respecto, a través dun certificado emitido por algunha das empresas certificadoras indicadas pola ENAC (Entidad Nacional de Acreditación).*
*Sinalar cunha "x" a opción correcta.*
☒***SI***

☐NON

Tendo en conta o ofertado pola empresa ESPUBLICO PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A, a valoración dos criterios avaliables automaticamente nesta primeira fase é de 20 puntos.

| Criterios de adxudicación avaliables automáticamente | Puntuación Máxima | Puntuación resultado da oferta presentada por Espublico para la Administración, S.A. |
|---|---|---|
| Oferta Económica | 60 | 0 puntos |
| Acreditación Certificación ENS | 10 | 10 puntos |
| Acreditación Nivel de Disponibilidade e Servicio Do Hosting | 10 | 10 puntos |

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos, á dirección que o contratista habilite a efectos de notificación preferentemente a través da plataforma de contratos do sector público.Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días  hábiles, a documentación obxecto de negociación.*"*

11.- Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 02 de febreiro de 2024, con CSV: IV7W3WA7P4NZZHFKYQEVODQAIY  , na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta  que se incorpora ao expediente o informe de  resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por Minerva (decisor: Margarita Tarrío Álvarez: potencial beneficiario: Espublico Servicios para la Administracion SA) concluíndo o seguinte:

*"Se ha realizado el análisis de riesgos de las 1 posibles parejas decisor-potencial beneficiario,siendo el resultado el siguiente:*

*1 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes)*

*0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)*

*Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades oconstan como fallecidos (banderas negras)."*

A maiores incorpóranse ao expediente a declaración de ausencia de conflito de interese de Dna. Margarita Tarrío Álvarez.

De seguido, a Mesa de contratación procede á apertura do sobre electrónico presentado pola empresa Espublico Servicios para la Administracion SA relativo aos criterios avaliables automaticamente desta segunda fase do procedemento negociado (Anexo II bis) .

*"Fase 2. Criterios de negociación: (ata un máximo de 20 puntos)*

*Incremento, sen custo para a Administración contratante, do tempo de mantemento soporte e garantía (ata un máximo de 20 puntos).*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 18/64 |

*Nos pregos de prescricións que rexen a presente contratación, no apartado de duración do contrato, establecen unha garantía mínima dos sistemas implantados (que inclúa licenciamento e implantación de actualizacións precisas) de 1 ano.*

*Puntuarase o incremento, sen custo para a Administración contratante, do número de meses adicionais de garantía sobre o ano (1) mínimo.*

*• Cada mes (1) adicional de garantía (sobre o ano (1) mínimo establecidos nos pregos), puntuarase con 1 punto, así obterían 20 puntos aquelas que oferten un incremento anual igual ou superior a 20 meses.*

*No caso de que a oferta presentada oferte un incremento de 0 meses, igualando a garantía mínima esixida, será valorada con 0 puntos neste apartado."*

Procédese a dar conta da puntuación resultado desta fase de negociación en aplicación dos criterios amentados anteriormente e recollidos no cadro resumo do PCAP, correspondente á proposición presentada polo licitador Espublico Servicios para la Administracion SA nesta segunda fase do procedemento, co resultado seguinte:

| Licitador | Ofertado | Puntuación |
|---|---|---|
| Espublico Servicios para la Administracion SA | 0 meses | 0 puntos |

A puntuación total é de:

| Licitador | Puntuación Fase de Adxudicación | Puntuación Fase de Negociación | Puntuación Total |
|---|---|---|---|
| Espublico Servicios para la Administracion Sa | 20 Puntos | 0 Puntos | 20 Puntos |

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

| Orde | Lotes | Puntuación Total |
|---|---|---|
| 1 | Espublico Servicios para la Administracion Sa | 20 Puntos |

2º.- Requirir ás empresas que se relacionan a continuación, para que, dentro do prazo de 8 días hábiles, de acordo co previsto ao efecto no Real Decreto Lei36/2020 (art. 50.1.d), presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a

documentación á que se refire no cadro resumen do PCAP, apartado "P.Documentación esixida ao licitador proposto como adxudicatario a maiores da esixidana cláusulas 17", así como a do artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
*No caso do criterio Acreditación certificación ENS o licitador deberá presentar a documentación acreditativa ao respecto, a través dun certificado emitido por algunha das empresas certificadoras indicadas pola ENAC (Entidad Nacional de Acreditación).*

*No caso do criterio Acreditación de nivel de dispoñibilidade servizo Hosting o licitador deberá presentar a documentación acreditativa ao respecto, a través dun certificado emitido por algunha das empresas certificadoras indicadas pola ENAC (Entidad Nacional de Acreditación).*

| | Prezo de Adxudicación (IVE excluído) | Importe da Garantía |
|---|---|---|
| Espublico Servicios para la administracion Sa | 69.186,22 € | 3.459,31 € |

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento."

12.-Resolución da Presidencia do día 16 de febreiro de 2024, con CSV: IV7WEQC7YDXNUX6JCL5M45P7EQ, pola que se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP.

13.- Requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 22 de febreiro de 2024.

14.- Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o 04 de marzo de 2024.

15.-Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 13 de marzo de 2024 a Presidenta informa aos membros da Mesa de Contratación do informe emitido polo servizo de Comunicación e Tics, con CSV: IV7WHWB5CFE3ZZO5CIGTMJBWIY, en relación á acreditación do ofertado nos criterios de adxudicación pola mercantil Espublico Servicios para la Administracion SA ,sendo a conclusión do informe o recollido a continuación:

*"En relación ao expediente de contratación 2023/CON_02/000077 vista a documentación que presenta o licitador Espublico Servicios para la Administración S.A., con NIF A5087884 informamos que:*

*• Achega certificado no que acredita o cumplimento de ENS en categoría ALTA.*
*• Achega certificado no que acredita o cumprimento de TIER IV para o servizo de hosting.*

*A xuízo de quen subscribe ambos certificados son válidos e emitidos por empresas acreditadas e polo tanto a puntuación obtida nos criterios de adxudicación 2.- Acreditación certificacion ENS e 3.- Acreditación nivel de dispoñibilidade e servizo do hosting, é correcta obtendo 10 puntos por cada criterio."*

Tendo en conta o antedito, a Mesa de Contratación acorda aceptar o informe emitido polo servizo de Comunicación e TICs, polo que se procede a examinar e valorara a documentación presentada pola empresa en relación ao apartado "P" do cadro resumen do PCAP e a relacionada na cláusula 17 do PCAP e no artigo 150 da LCSP.

A Presidenta informa que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso, enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1.- Adxudicar á empresa Espublico Servicios para la Administración S.A, a contratación da Adxudicación, se procede, da contratación da adecuación da plataforma de administración electrónica do concello de Monforte de Lemos para a súa integración coas ferramentas da administración xeral do estado (integración de rexistros SIR, integración co sistema de notificación a través do DEHÚ, integración co punto xeral de entrada de facturas FACE e integración co cartafol cidadá). Contrato enmarcado dentro do programa impulsatic (plan de dixitalización da provincia de Lugo) no marco do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado

pola Unión Europea - next generation EU", EXP.2023/CON_02/000077, polo importe de 69.186,22 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 14.529,11 €, o que fai un total de 83.715,33€.

2.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos."

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Presidencia, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Espublico Servicios para la Administración S.A, a contratación da Adxudicación, se procede, da contratación da adecuación da plataforma de administración electrónica do concello de Monforte de Lemos para a súa integración coas ferramentas da administración xeral do estado (integración de rexistros SIR, integración co sistema de notificación a través do DEHÚ, integración co punto xeral de entrada de facturas FACE e integración co cartafol cidadá). Contrato enmarcado dentro do programa impulsatic (plan de dixitalización da provincia de Lugo) no marco do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea - next generation EU", EXP.2023/CON_02/000077, polo importe de 69.186,22 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 14.529,11 €, o que fai un total de 83.715,33€.

**2º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**3º.-** Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

**4º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE OBRAS.**


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 22/64 |

**1º.-** *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada LUGO.- Reforma de espazo baleiro no Pazo dos Deportes para instalar uns vestiarios so servizo do anexo (Paciño)*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Reforma de espazo baleiro no Pazo dos deportes para instalar uns vestiarios ao servizo do anexo (Paciño), consta no mesmo:

1. Proxecto da obra LUGO.- Reforma de espazo baleiro no Pazo dos deportes para instalar uns vestiarios ao servizo do anexo (Paciño), redactado por Dª Mónica Marras Mosquera, Arquitecta, Xefa do Servizo de Arquitectura.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WHQLPHU7D6RGNU7746BHVAE
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7WHQLPHU7D6RGNU7746BHVAE
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7XU3BLKE45VKEZYP6NPYBUCY
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WGOZDKAUYJXNPYEGT6DYBOM
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XUPQNNMZK5HW7VV4FORX7C4
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7XUPQZLFUC5SHP7T4E6VQAG4
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: LUGO.- Reforma de espazo baleiro no Pazo dos deportes para instalar uns vestiarios ao servizo do anexo (Paciño), sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e

transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 235.989,78 €, dos cales 40.956,90 € corresponden ao IVE (21%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**2º.-** *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada CERVO.- Acondicionamento da LU-P-1503 "Rio Covo-Trasbar-Vilaestrofe (LU-P-1502)" p.k. 0+000 a 2+670.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: CERVO.- Acondicionamento da LU-P-1503 "Rio Covo-Trasbar-Vilaestrofe (LU-P-1502)", p.k.. 0+000 A 2+670, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7WHSBDF34ZIVG6DQPA6PQQ44
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7XUCSOJJPNRHR56XQHG327ME
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7WHSB3FLZJR2OTYJPGAV2GL4
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7WHSB2FL7IXOWJYUUX4DYECA
5. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7XU2XSLH6675M7W4QHGULVII
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: Rj+jYEykAfkKbi16679Utg==
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: dhffVZBBtrfdvtZZeQaTaQ==
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: CERVO.- Acondicionamento da LU-P-1503 "Rio Covo-Trasbar-Vilaestrofe (LU-P-1502)", p.k..


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 24/64 |

0+000 A 2+670, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 459.635,27 €, dos cales 79.771,41 € corresponden ao IVE (21%), conforme ás seguintes anualidades:

| ANUALIDADE | DEPUTACIÓN | | |
|---|---|---|---|
| | APLICACIÓN | IMPORTE | RC |
| 2024 | 4530.619 | 229.817,64€ | 22024/6059 |
| 2025 | | 229.817,63€ | 220249/72 |
| TOTAL | | 459.635,27€ | |

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2025 a cantidade indicada nas aplicacións sinaladas.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON DEVOLUCIÓNS DE AVAIS DE OBRAS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria, que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

*"Primeiro.- En data 14/05/2021, pola Xunta de Goberno, aprobouse o prego de cláusulas administrativas para a contratación da obra Antas de Ulla.- Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 "ANTAS DE ULLA (LU-P-1809)-límite provincia Pontevedra (Rodeiro)", p.k. 3+490 a 3+700 (EX003OB21AB), no que entre outros, recollía como condición especial de execución a*

*constitución dunha póliza seguro Todo Risco Construción (TRC), así como as condicións na que debía ser achegada, concretamente, a cláusula 22 establecía como obriga: "(...)*

*3.- A constitución dunha póliza de seguro "todo risco construción", vinculada e que responda polos 12 meses posteriores ao período de garantía obrigatorio, e o seu pagamento. O Adxudicatario do contrato OBRÍGASE a constituír unha póliza de seguro "todo risco construción", que terá por obxecto o aseguramento dos traballos que se leven a cabo no emprazamento da obra de xeito que quede cuberta toda perda ou dano na obra e instalacións, así como toda perda ou dano na obra e instalacións provinte dunha causa que tivese a súa orixe durante o período de construción, ou en posteriores labores de mantemento ou conservación.*

*A contía da póliza será por importe do prezo de adxudicación, sen IVE, incluído calquera modificación que se poida ter producido ao longo do contrato, e a duración desta será de 12 meses, sucesivos ao período de garantía.*

*Esta póliza deberá subscribirse polo licitador adxudicatario, debendo presentarse proxecto de seguro e compromiso de subscrición de dita póliza coa documentación establecida no artigo 150 da LCSP, de acordo co establecido na cláusula 17 deste PCAP, no que consten os importes e riscos asegurados, e ao vencemento do prazo de garantía, o adxudicatario achegará a póliza de seguro "todo risco construción", con efectos do día seguinte ao vencemento do prazo de garantía debendo acreditar ademais o seu pagamento.*

*Segundo.- Así mesmo na cláusula 30, relativa ás devolución das garantías establécese "(...) Non procederá á devolución da garantía/s se non se cumpren, a satisfacción da administración, todas as obrigas do contratista, incluído a constitución e pago da póliza de seguro "todo risco construción" establecida como condición esencial. A administración poderá incautar a garantía, aos efectos da subscrición da póliza "todo risco construción" e dende a data da subscrición se se acredita a falta da subscrición da póliza do seguro indicado.*

*Terceiro.- Pola Xunta de Goberno, en data 30/07/2021 adxudicouse a devandita obra á mercantil Construcciones Leonardo Miguélez SL, con informe favorable do servizo de mediación contratado pola Deputación relativo ao cumprimento da documentación remitida en relación coa constitución da póliza seguro TRC.*

*Cuarto.- Consta no expediente Acta de Recepción da obra sinalada, de data 15/03/2022, data a partir da cal opera o prazo de garantía, establecido nos pregos en 12 meses.*

*Quinto.- Téndose recibido solicitude da empresa adxudicataria, de devolución de garantía/aval depositada para a execución da devandita obra, desde a Dirección*

*facultativa, en funcións de responsable do contrato, requiriuse para que presentara a documentación relativa á constitución e pagamento da póliza TRC, nos termos establecidos no PCAP*

*Sexto.- O contratista da obra, remite escrito, no que indica "... tras consultar a diversas compañías aseguradoras no nos es posible contratar dicha póliza, ya que al estar la obra ya ejecutada y finalizada no procede el seguro todo riesgo construcción ya que este producto garantiza los daños a la propia obra durante la ejecución..." , propoñendo no mesmo a ampliación do prazo de garantía polo prazo de 12 meses que debía de cubrir o seguro TRC desde a finalización do prazo da garantía obrigatoria.*

*Sétimo.- Tendo en conta o escrito remitido polo contratista, desde o Servizo de vías e obras, en funcións de dirección facultativa e polo tanto responsable do contrato, solicitouse informe do servizo de mediación contratado pola Deputación para que emita informe sobre a viabilidade do manifestado polo contratista, recibíndose informe no que entre outros manifesta ".... no es posible contratar un seguro de todo riesgo construcción para una obra que ya se encuentra ejecutada y entregada (....) podemos corraborar que los argumentos que esgrime y que apoya con el correo electrónico MUSAAT son del todo cierto y que no es posible contratar este seguro una vez entregada la obra"*

*Oitavo.- Tendo en conta o establecido no artigo 59.12 do Regulamento orgánico da Deputación de Lugo, enténdese Órgano competente a Xunta de Goberno.*

*Conclusión*

*A vista do indicado, pode concluírse que a obriga relativa a subscrición do seguro, segundo o PCAP, non pode ser satisfeita segundo as condicións do mercado de seguro, toda vez que non se regulou unha póliza seguro TRC con vixencia durante a execución da obra, senón que operase cunha duración de 12 meses posteriores como unha cobertura adicional de danos, expirado o prazo de garantía.*

*Por isto, considerando informes que obran no expediente non é posible satisfacer dito requisito nos seus xustos termos, segundo informan os operadores de seguro e a entidade que asesora a esta institución, polo que se informa favorablemente, e como alternativa ofrecida polo propio adxudicatario, a ampliación do prazo de garantía polo tempo dos 12 meses que debía operar o seguro TRC, non procedendo a devolución do aval ata o transcurso do devandito prazo, de xeito que queda garantida a posición da administración ante eventuais responsabilidades nos termos e contías que marca a Lei 9/2017.*

*De igual xeito, e a vista de que existen expedientes con idéntica exixencia, nos que se puidera verificar idéntica casuística, infórmase favorablemente a extensión e aplicación deste criterio a todas as licitacións que se atopen nesta situación*".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Determinar que a obriga relativa a subscrición da póliza de seguro TRC, que non pode ser satisfeita segundo as condicións do mercado de seguro, e o establecido no PCAP, toda vez que non se regulou unha póliza seguro TRC con vixencia durante a execución da obra, senón que operase cunha duración de 12 meses posteriores como unha cobertura adicional de danos, expirado o prazo de garantía, quede sen efecto.

**2º.-** Determinar que no seu lugar, se amplíe do prazo de garantía polo tempo dos 12 meses que debía operar o seguro TRC, non procedendo a devolución do aval ata o transcurso do devandito prazo, de xeito que queda garantida a posición da administración ante eventuais responsabilidades nos termos e contías que marca a Lei 9/2017.

**3º.-** Determinar que se estenda e aplique este criterio a todas as licitacións que se atopen nesta situación, e dicir nos expedientes con idéntica exixencia, nos que se puidera verificar idéntica casuística".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.**

*1.- Proposta de aprobación, se procede, de convenio interadministrativo a subscribir co concello de A Pobra do Brollón.*

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, a teor do seguinte texto:

"Don José Luís Maceda Vilariño, en nome e representación do Concello de A Pobra do Brollón, con NIF: P2704700J, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 16 de novembro de 2023 (RE nº: 2023RT017484), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, de actuacións de "Limpeza e mantemento de camiños rurais", para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

Xa en fase de tramitación da solicitude, dende a Sección de Fomento, comunicouse a este centro xestor, o 29 de xaneiro de 2024, a inminente aprobación dun novo modelo de convenio interadministrativo, así como de novos modelos de solicitude e xustificación.

Aprobados os ditos modelos por Acordo da Xunta de Goberno do 2 de febreiro de 2024, requiriuse ao representante do Concello de A Pobra do Brollón para que adaptara a súa solicitude ao novo modelo, o que tivo lugar coa presentación de documentación adicional o 26 de febreiro de 2024 (RE nº: 2024RT002784).

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:

- Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.
- Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na LRXSP.
- Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.
- Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.
- Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 14 de marzo de 2024.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón do seguinte teor:

“CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE A POBRA DO BROLLÓN, PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “LIMPEZA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS RURAIS” NO CONCELLO DE A POBRA DO BROLLÓN, ANO 2024

(APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA DE DE 2024)

En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

*Reunidos*

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, don Xosé Luís Maceda Vilariño, alcalde do Concello de A Pobra do Brollón, con NIF P2704700J e sede social na Avda. de Galicia, 50, CP 27330, A Pobra do Brollón, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*

PRIMEIRO.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: *“as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.*

SEGUNDO.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

> "*Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.*
> *Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".*

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

> "*Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:*
>
> *a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."*

TERCEIRO.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "*1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".*

CUARTO: Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "*as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas".* Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos


| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 31/64 |

principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"*lealdade institucional*" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán *"Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".*

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " *1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".*

QUINTO.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

> "*1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)*
> *2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados*
> *3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)*
> *6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"*

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: *"non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os*

*distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997"* –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

SEXTO.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "*a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito"*.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "*é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia",* subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "*(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión;* (...), *d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".* En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

SÉTIMO.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o

reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) *A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997* e na letra g) *O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997*, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

OITAVO.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público

(lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

NOVENO.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.
En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas

PRIMEIRA.- Obxecto

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

| Actuacións | CUSTE TOTAL (IVE engadido) |
|---|---|
| Limpeza e mantemento de camiños rurais | 20.000 € |
| CUSTE TOTAL | 20.000 € |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 20.000 € | 0,00 € |
| TOTAL: 20.000 € | |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 35/64 |

SEGUNDA.- Ámbito territorial

O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de A Pobra do Brollón.

TERCEIRA.- Fin común

Coa formalización do presente convenio pretendese:

- Mellorar a infraestrutura viaria rural.
- Contribuír, con elo, á vertebración social e económica da Provincia.
- Xerar cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo no medio rural e contribuíndo, deste xeito, a frear o seu despoboamento.
- Contribuír ao aumento da competitividade agraria e forestal.

CUARTA.- Obrigas e compromisos das partes

4.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

- Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
- En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.

4.2. O Concello de A Pobra do Brollón:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Pobra do Brollón, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.
2. Aportar tódolos terreos precisos para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Encargarse da dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
4. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.
5. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 36/64 |

6. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
8. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

QUINTA.- Réxime económico

- ACHEGAS:

1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.-Achega do Concello:
O Concello de A Pobra do Brollón financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

- TITULARIDADE DO RESULTADO DA COOPERACIÓN:

O resultado da cooperación será de titularidade do Concello de A Pobra do Brollón.

- XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de A Pobra do Brollón se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2025. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

- Memoria de actuacións realizadas.
- Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que as actuacións foron realizadas na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
f) Descrición dos traballos realizados (ubicación e temporalidade) polo persoal contratado.

- Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
  1. Que o Concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
  2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
  3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
  (o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

SEXTA.- Anticipo

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria. un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:
   - Que de cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)
   - Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
   - Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

   (o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- Modificación

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este


| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 39/64 |

vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

NOVENA .- Extinción e efectos

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

DÉCIMA.- Comisión de Seguimento

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:


| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 40/64 |

a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Sistemas de comunicación, información e publicidade

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

DÉCIMO SEGUNDA.-Protección de datos

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 41/64 |

representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

DÉCIMO TERCEIRA.- Carácter do convenio de cooperación

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: *" Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)".* Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

*"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:*

*(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".*

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.


| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 42/64 |

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.

**2º.-** Aprobación do gasto, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024, a favor do Concello de A Pobra do Brollón, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*2.- Proposta de modificación de convenio interadministrativo de cooperación subscrito co concello de Ribadeo.*

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, a teor do seguinte texto:

"O 29 de maio de 2023 asinouse polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Ribadeo o convenio interadministrativo de cooperación referenciado no encabezamento, que foi obxecto de modificación a través de addenda asinada polas partes o 30 de agosto de 2023, no relativo á ampliación dos prazos de execución e xustificación, que quedaron fixados nos días 31 de marzo e 30 de setembro de 2024, respectivamente.

O 5 de marzo de 2024, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº: 2024RT003283) un novo escrito do representante legal do Concello de Ribadeo, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe a:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 43/64 |

- O número 8 da letra B da cláusula terceira, relativo ao prazo de execución, para establecer unha nova data límite de realización das obras, que quedaría fixada no 30 de xuño de 2024.
- O primeiro parágrafo da cláusula quinta, establecendo un novo prazo de xustificación con data 30 de setembro de 2024 (se ben esta era a data que xa figuraba na addenda á que se fai referencia no antecedente anterior).

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a modificación da cláusula terceira do convenio de referencia, no relativo ao prazo de execución, quedando fixado este no 30 de xuño de 2024; modificación prevista na súa cláusula sétima, e que se levará a cabo a través da correspondente addenda.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

**1º.-** A estimación da solicitude de modificación da cláusula terceira do mesmo convenio, no relativo ao prazo de execución.

**2º.-** A aprobación do texto da addenda que inclúa a citada modificación do seguinte teor:

"SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE RIBADEO, PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DO PAVIMENTO E DOTACIÓN DE SERVIZOS Á RÚA MANUELA BARREIRO PICO", PARA O FIN COMÚN DE MELLORA DA INFRAESTRUTURA VIARIA MUNICIPAL

APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO          DE          DE 2024

REUNIDOS

Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, don Daniel García

Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, don Daniel Vega Pérez, alcalde do Concello de Ribadeo, con NIF: P2705100B, e sede social en Ribadeo, na Praza de España, nº 1, que actúa en nome e representación da citada entidade, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

EXPOÑEN

Primeiro.- O 29 de maio de 2023 asinouse polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Ribadeo o convenio interadministrativo de cooperación referenciado no encabezamento, que foi obxecto de modificación a través de addenda asinada polas partes o 30 de agosto de 2023, no relativo á ampliación dos prazos de execución e xustificación, que quedaron fixados nos días 31 de marzo e 30 de setembro de 2024, respectivamente.

Segundo.- O 5 de marzo de 2024, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº: 2024RT003283) un novo escrito do representante legal do Concello de Ribadeo, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe a:

- O número 8 da letra B da cláusula terceira, relativo ao prazo de execución, para establecer unha nova data límite de realización das obras, que quedaría fixada no 30 de xuño de 2024.
- O primeiro parágrafo da cláusula quinta, establecendo un novo prazo de xustificación con data 30 de setembro de 2024 (se ben esta era a data que xa figuraba na addenda á que se fai referencia no antecedente anterior).

Cuarto.- En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a modificación da cláusula terceira do convenio de referencia, no relativo ao prazo de execución, quedando fixado este no 30 de xuño de 2024; modificación prevista na súa cláusula sétima, e que se levará a cabo a través da correspondente addenda.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 45/64 |

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio interadministrativo de cooperación de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- A Cláusula terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes, adquire a seguinte redacción:

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo

1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 214.696,39 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.
2) No caso de producirse baixas na licitación ou de que os custos de execución do obxecto do convenio resulten inferiores aos inicialmente previstos, a Deputación de Lugo terá a facultade de reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude do Concello de Ribadeo, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

B. Do Concello de Ribadeo

1) Poñer a disposición a vía na que se van a executar as obras que constitúen o obxecto do convenio.
2) Obter os permisos e autorizacións que resulten preceptivas, de ser o caso, para a realización das obras, incluíndo o seu aseguramento.
3) Elaborar, supervisar, aprobar e reformular o correspondente proxecto que defina con precisión as obras a executar.
4) Asumir a dirección de obra e a dirección da súa execución.


| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 46/64 |

5) Asumir a coordinación en materia de seguridade e saúde das obras que o requiran legalmente.
6) Licitar a execución de aquelas con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.
7) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, reste e sexa necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
8) Executar as obras relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 30 de xuño de 2024.
9) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
10) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
11) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Segunda. As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte del integrante.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 3 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 8 DO POLÍGONO INDUSTRIAL "A RASELA", CONCELLO DE BALEIRA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, a teor do seguinte texto:

"En data de 1 de marzo de 2024, foi presentado un escrito por D. Leandro Fernández López, en representación da empresa OVAPISCIS S.A., mediante o que solicita a adquisición da parcela número 8, situada no Polígono Industrial de Baleira, por

importe de dezasete mil setecentos trinta e nove euros (17.739,00€) máis IVE mediante pago ao contado, por transferencia.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 27 de agosto de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial "A Rasela", no Concello de Baleira, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas ,que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 204, de data de 4 de setembro de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 1 de outubro de 2021, acordou a adxudicación de parcelas do Polígono Industrial "A Rasela", Concello de Baleira, aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela número 8 do Polígono Industrial "A Rasela", no Concello de Baleira , ten un prezo de licitación , publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de dezasete mil setecentos trinta e nove euros (17.739,00€) máis IVE e non foi adxudicada neste procedemento.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial "A Rasela", no Concello de Baleira, recolle na súa cláusula 20 :

" No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións".

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio, en data de 13 de marzo de 2024, con CSV IV7XU6QOAFWM33RM2N5TNZPUN4.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 15 de marzo de 2024 , con CSV IV7XUGATJUB77S7OTX5CIVAXME.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 8 do Polígono Industrial "A Rasela", no Concello de Baleira, a favor da empresa OVAPISCIS S.A por importe de dezasete mil setecentos trinta e nove euros (17.739,00€) máis IVE, mediante pago ao contado e transferencia, de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento.

**2º.-** Formalizar o contrato compraventa da parcela número 8 do Polígono Industrial "A Rasela", no Concello de Baleira, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de OVAPISCIS S.A.

**3º.-** Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 8 do Polígono Industrial de "A Rasela", no Concello de Baleira, con referencia catastral 2733108PH4623S00001YG".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA RELATIVA Á LIQUIDACIÓN DOS GASTOS ORIXINADOS POLO MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES INCLUÍDAS NO ACORDO DA CONCESIÓN DEMANIAL ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E ASPNAIS DESDE 17-01-2015 ATA O 31-12-2020 E TRABALLOS PUNTUAIS NOS MESES DE MAIO E OUTUBRO DE 2023.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, a teor do seguinte texto:

"Tendo en conta o Acordo entre a Deputación de Lugo e a Asociación ASPNAIS para a concesión demanial gratuíta de uso dun ben provincial asinado o 17 de xaneiro de 2015 e cuxa Estipulación 3ª apartado 11 do referido acordo que literalmente expresa: *"O concesionario farase cargo do mantemento e coidado dos xardíns e zonas verdes de toda a parcela incluída a superficie ocupada pola actual Fundación TIC.*

Non obstante, durante o período 2015-2019 os traballo de xardinaría da zona verde do recinto da antiga Fundación TIC son realizados por persoal da unidade provincial de mantemento segundo informe do 24.09.2020 CSV IV7GVWZ4BEELVG4DYEUNMQXWMA.

Asi mesmo durante todo o ano 2020, estes traballos de xardinaría son realizados pola mercantil TRAGSA en virtude do acordo da Xunta de Goberno acadado na sesión celebrada o 27.12.2019: Encargo desta Deputación Provincial ao seu medio propio personificado e servizo técnico, empresa de Transformación Agraria SA, SME, M.P. (TRAGSA), para a realización do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes de titularidade provincial.

Visto que o orzamento do custe dos traballos de xardinaría da zona verde da zona da TIC elaborado e asinado o 24.08.20 pola mercantil TRAGSA para o ano 2020 ascende a 9.265,27 €.


| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 49/64 |

Visto o requirimento ao concesionario ASPNAIS con data do 21.01.21 en relación ao cumprimento da antedita obriga asinado baixo o CSV IV7HW2QSKBP4XS5P2EEEAY7DGE no que:

> “(...) *a partir da anualidade de 2021, ASPNAIS deberá dar cumprimento á obriga adquirida con base á estipulación 3ª apartado 11 do convenio subscrito con data 17 de xaneiro de 2015.*
>
> *Para dito cumprimento, ASPNAIS deberá seguir as instrucións que lle sexan indicadas polo Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo, no referente ao contido dos traballos e á periodicidade dos mesmos.*
>
> *Todo elo sen prexuízo da liquidación que corresponda polo mantemento das citadas zonas verdes no período comprendido entre o 17 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2020”.*

Con todo o 12.02.2024 o Servicio de Medio Ambiente baixo o CSV IV7W2O7C2APMJKU7RQFGGYCQKE informa, entre outros, que:

> *“(...) os traballos de mellora silvícola efectuados na coñecida como “zona verde da Fundación TIC” foron efectuados por solicitude do Servizo de Audiovisuais e desenvoltos polo medio propio TRAGSA ao abeiro do encargo existente naquelas datas, establecido entre a Deputación Provincial de Lugo e o devandito medio propio para o Servizo de Mantemento de Zonas Verdes de Titularidade Provincial.*
>
> *Polo tanto cómpre indicar que os custes a recoller neste documento están adaptados as contías establecidas no devandito encargo a medio propio para o Servizo de Mantemento de Zonas Verdes de Titularidade Provincial.*
>
> *Traballos realizados:*
>
> ** 4 e 5 de maio de 2023: traballos de sega de herba na “Zona Verde da Fundación TIC”, para garantir o bo estado silvícola deste lugar, está zona refírese á zona verde que rodea o edificio que alberga o centro educativo e administrativo que alberga o Servizo de Audiovisuais.*
> ** 10,11 13 e 17 de outubro: Poda con plataforma elevadora.*
> ** 19 de outubro: Carga de podas.*
>
> *Cómpre indicar que para realización dos traballos foi necesaria o alugueiro dunha plataforma elevadora e o traslado dos restos de poda por empresa especializada.*

> *(...) o custe de execución dos traballos necesarios para a execución dos traballos de mantemento silvícola da zona verde da Fundación ascenderon a catro mil sete centos noventa e sete euros con trinta e un céntimos".*

Ademais, o 05.03.2024 asinouse o *Informe de trabajos realizados por personal del servicio de zonas verdes de los "Jardines de la Fundación TIC" anualidad 2023 no que, entre outro, consta o seguinte teor:*

> *Estos costes generados por los trabajos realizados en la Fundación TIC durante el año 2023, se repercutieron al Servicio de Medioambiente en las certificaciones de mayo y octubre del año 2023.*
> *Los trabajos de siega realizados en mayo, corresponden con 909,34 €, incluidos en la certificación nº 5-2023, factura nº 512723049.*
> *Los trabajos de poda realizados en octubre, corresponden con 3.887,97 €, incluidos en la certificación nº 10-2023, factura nº 512723117.*

Incorporase os xustificantes bancarios do pagamento:

> Con data do 10.07.2023 do pagamento *dos trabajos de siega realizados en mayo, corresponden con 909,34 €, incluidos en la certificación nº 5-2023, factura nº 512723049.*
>
> Con data de 05.12.2023 do pagamento *dos trabajos de poda realizados en octubre, corresponden con 3.887,97 €, incluidos en la certificación nº 10-2023, factura nº 512723117.*

Tamén incorporase o informe relativo o cálculo dos xuros de mora aplicados polo conceptos, períodos e aos custes ocasionados a esta Deputación polos gastos derivados do mantemento da zona verde da denominada *Fundación TIC.*

Visto que o sumatorio resultante ascende a contía total de 17.706,77 € de conformidade co seguinte resumo:

A os custes ocasionados a esta Deputación polos gastos derivados do mantemento da zona verde da denominada *Fundación TIC* no período comprendido entre o 17.01.2015 ao 31.12.2019 incrementado cos xuros de mora segundo o cálculo presentado pola Tesourería Provincial resulta a cantidade de 2.660,48 € detallada na seguinte táboa:

| DENDE | ATA | DÍAS | CAP.ACUM. | % XUROS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 31/12/19 | 31/12/19 | 1 | 2354,69 | 3 | 0,19 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 01/01/20 | 31/12/20 | 365 | 2354,69 | 3 | 70,64 |
| 01/01/21 | 31/12/21 | 365 | 2354,69 | 3 | 70,64 |
| 01/01/22 | 31/12/22 | 365 | 2354,69 | 3 | 70,64 |
| 01/01/23 | 31/12/23 | 365 | 2354,69 | 3,35 | 76,53 |
| 01/01/24 | 22/03/24 | 82 | 2354,69 | 3,25 | 17,15 |
| | | TOTAL GASTOS | 2.354,69 € | TOTAL XUROS | 305,79 € |

B Os custes ocasionados a esta Deputación polos gastos derivados do mantemento da zona verde da denominada *Fundación TIC* no período comprendido entre o 01.01.2020 ao 31.12.2020 incrementado cos xuros de mora segundo o cálculo presentado pola Tesourería Provincial resulta a cantidade de 10.190,53 € detallada na seguinte táboa:

| DENDE | ATA | DÍAS | CAP.ACUM. | % XUROS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 31/12/20 | 31/12/20 | 1 | 9265,27 | 3 | 0,76 |
| 01/01/21 | 31/12/21 | 365 | 9265,27 | 3 | 277,96 |
| 01/01/22 | 31/12/22 | 365 | 9265,27 | 3 | 277,96 |
| 01/01/23 | 31/12/23 | 365 | 9265,27 | 3,25 | 301,12 |
| 01/01/24 | 22/03/24 | 82 | 9265,27 | 3,25 | 67,46 |
| | | TOTAL GASTOS | 9.265,27 € | TOTAL XUROS | 925,26 € |

C Os custes ocasionados a esta Deputación polos gastos derivados do mantemento da zona verde da denominada *Fundación TIC* os días 4 e 5 de maio 2023; 10,11 13, 17 e 19 de outubro de 2023 e incrementado cos xuros de mora segundo o cálculo presentado pola Tesourería Provincial ascende a 4.855,76 €.

| DENDE | ATA | DÍAS | CAP.ACUM. | % XUROS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 10/07/23 | 31/12/23 | 175 | 909,34 | 3,25 | 14,17 |
| 01/01/24 | 22/03/24 | 82 | 909,34 | 3,25 | 6,62 |
| 05/12/23 | 31/12/23 | 27 | 3887,97 | 3,25 | 9,35 |
| 01/01/24 | 22/03/24 | 82 | 3887,97 | 3,25 | 28,31 |
| | | TOTAL GASTOS | 4.797,31 € | TOTAL XUROS | 58,45 € |

Visto o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio de data 20.03.2020 baixo o CSV IV7XVW3CHJG5L2M4QXVVEECSEY no que se conclúe *que os gastos asumidos por esta Deputación de Lugo polo concepto, período e importes expresados derivados do incumprimento da obriga contida na Estipulación 3ª apartado 11 do*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 52/64 |

*citado acordo de concesión demanial asinado entre a Deputación de Lugo e a Asociación ASPNAIS ascende a cantidade de total de 17.706,77 € cuxa repercusión á entidade concesionaria estímase que pode someterse á consideración da Xunta de Goberno -órgano competente orixinario segundo o artigo 59 do Regulamento Orgánico- para o seu reintegro a esta entidade provincial.*

Visto o informe da Intervención Provincial emitido con data do 20.03.2024 baixo o CSV IV7XVWZ4HT6JKVMNAAPNGPYDEU que conclúe que [...] *non se manifesta inconveniente a tramitación do expediente.*

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Aprobar a liquidación polos custes de mantemento das zonas verdes incluídas na concesión demanial outorgada a favor de ASPNAIS polo período 17.01.2015 ao 31.12.2019 polo importe de 2.354,69 €, á que se engade o cálculo dos xuros correspondentes ao dito período por importe de 305,79 €, resultando a suma o importe de: 2.660,48 €.

**2º.-** Aprobar a liquidación polos custes de mantemento das zonas verdes incluídas na concesión demanial outorgada a favor de ASPNAIS polo período 01.01.2020 ao 31.12.2020 polo importe de 9.265,27 €, á que se engade o cálculo dos xuros correspondentes ao dito período por importe de 925,26 €, resultando a suma o importe de: 10.190,53 €.

**3º.-** Aprobar a liquidación polos custes de mantemento das zonas verdes incluídas na concesión demanial outorgada a favor de ASPNAIS polo s días 4 e 5 de maio 2023; 10,11 13, 17 e 19 de outubro de 2023 polo importe de 4.797,31 € á que se engade o cálculo dos xuros correspondentes ao dito período por importe de 58,45 € resultando a suma o importe de: 4.855,76 €.

**4º.-** Acordar que a entidade ASPNAIS polo concepto, período e importes expresados debe reintegrar a favor desta Deputación de Lugo da cantidade de 17.706,77€.

**5º.-** Que o pagamento da cantidade debida de 17.706,77€ efectuarase na conta desta entidade provincial: ES04 2080 0163 8531 1000 0423, indicando no concepto "Gastos mantemento zonas verde" nos seguintes prazos:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación  da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte

O vencemento do prazo do ingreso en período voluntario sen facerse efectiva a débeda, determinará o inicio do procedemento de apremio, o devengo dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos previstos no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria en relación co artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/037, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, a teor do seguinte texto:
"Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023", de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/037, correspondente á Asociación veciñal e cultural Ruta do Ferro as obras de "Mellora Firme Camiños Acceso a Ferrería", concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

A Asociación veciñal e cultural Ruta do Ferro, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación veciñal e cultural Ruta do Ferro (O Incio), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/037, destinada ás obras de "Mellora e Adecuación Pista Monte Veciñal" por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2024.**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a teor do seguinte texto:
"Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2024.

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 255.000,00 € (douscentos cincuenta e cinco mil euros)

**3º.-** Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 55/64 |

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2024.**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a teor do seguinte texto:

"Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo na anualidade 2024.

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 125.000,00 € (cento vintecinco mil euros)

**3º.-** Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa para esta anualidade 2024".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO FINANCIAMENTO E DOS NOMEAMENTOS DOS REPRESENTANTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO PREMIO OTERO PEDRAYO, ANO 2024.**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a teor do seguinte texto:

"Á vista da notificación do expediente 2024/PES_03/004552 -efectuada pola Deputación Provincial de Ourense- informándonos da aprobación e da publicación das bases do premio "OTERO PEDRAYO 2024", e co obxecto de que por parte da


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 56/64 |

Deputación de Lugo se proceda a súa aprobación, publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como a necesidade de comunicar o nome das persoas que representarán a Deputación de Lugo no xurado do Premio nesta anualidade.

Á vista das bases que rexerán a convocatoria do premio “Otero Pedrayo 2024” aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Ourense do 14 de febreiro de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense número 44, de 1 de marzo de 2024.

Visto que de acordo coa cláusula 1.3, das citadas bases, a achega que lle corresponde a Excma. Deputación Provincial de Lugo como cotitular do premio é de 2.000,00 €.

Visto que de acordo coa cláusula 4.2, das citadas bases, a publicación da convocatoria do premio “Otero Pedrayo 2024”, realizarase, entre outros, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Cultura.

Visto a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente. Visto o informe da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento.

Visto o informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención, noque amosa a súa conformidade.

A Deputada de Cultura que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o gasto por importe de dous mil euros (2.000,00€), para o Premio “Otero Pedrayo 2024”.

**2º.-** Aprobar e publicar as bases reguladoras da convocatoria do Premio “Otero Pedrayo 2024”, remitidas pola Excma. Deputación Provincial de Ourense, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, segundo se establece no punto 4.2 das bases do Premio Otero Pedrayo, 2024.

**3º.-** Delegar en dona Iria Castro Fernández, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Deputación de Lugo, a representación da Excma. Deputación Provincial de Lugo como membro do xurado do Premio “Otero Pedrayo 2024”.

**4º.-** Designar a don Antonio Reigosa Carreiras como vogal do xurado do Premio “Otero Pedrayo 2024”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2024.**

Tras ver a proposta do Vicepresidente, a teor do seguinte texto:

"Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2024, co fin de promover e difundir o deporte e tendo en conta o peso da disciplina no deporte lucense e o seu importante seguimento social e así mesmo como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva desta competición.

Visto que de acordo co previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (PLAN PLURIANUAL 2023-2025), Área de Deportes na súa liña 12.1 DEPORTES, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de vinte de xaneiro de 2023 (Actualización para o ano 2024 desta entidade, mediante o ANEXO I, sobre liñas actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024 aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 12 de xaneiro de 2024) búscase promover ente outros obxectivos específicos dos recollidos no referido Plan:

*4) (...) Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.*
*5) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, aloita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.*
*6) Proporcionarlle á poboación a posibilidade dunha practica deportiva continuada.*
*12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.*
*13) Propiciar a practica deportiva da poboación da provincia.*

*14) Promover e fomentar un aumento da practica deportiva da poboación que supoña un aumento do tempo de lecer saudable.*
*17) Á promoción e formación deportiva a través da promoción do deporte limpo e de maior repercusión social.*
*22) Desenvolver iniciativas novas ou de nova implantación na provincia, co fin de consolidar a practica deportiva na provincia.*

- Visto o informe do servizo de Deportes
- Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral
- Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2024.

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe total de corenta e un mil euros (41.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481 do orzamento da anualidade 2024, segundo se recolle no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, dentro da Liña 12.1 Deportes da Área funcional de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica. Actualización para o ano 2024, ANEXO I, sobre liñas actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024 (aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 12 de xaneiro de 2024).

**3º.-** Aprobar os modelos de anexos para participar nesta convocatoria".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2023.**

Tras ver a proposta do Vicepresidente, a teor do seguinte texto:

"En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 28 de xullo de 2023, pola que se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia*

núm. 064, do sábado 18 de marzo de 2023, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023.

Á vista de que o beneficiario relacionado a continuación, presentou na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a renuncia á respectiva subvención concedida no referido concurso de concorrencia competitiva.

Tendo en conta que consta no respectivo expediente a respectiva solicitude de renuncia:

| Nº REX | CATEGORIA | NOME ENTIDADE | C.I.F. | NOME ACTIVIDADE | SUBVENCIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| 2023/CCP_01/000109 | Organización de eventos deportivos 2023 | CLUB DEPORTIVO DEZ PORTAS LUGO | G27346436 | TORNEO DE TENIS DE MESA | 618,00 € |

Tendo en conta o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións publicas.

Polo exposto, o deputado que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aceptar de plano a renuncia formulada pola entidade beneficiaria Club Deportivo Dez Portas Lugo relativa á subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, destinada a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**19.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE UN DO PRESENTE MES DE MARZO, RELATIVO A VALIDACIÓN DE FACTURA.**

Logo de ver a proposta da deputada delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

"Logo de ver o acordo adoptado pola X.G. en data 01/03/2024 relativo á validación de gasto en relación con distintas facturas do servizo de Recadación, tendo en conta que se produciu erro material na proposta achegada para a adopción do acordo citado e de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de


| | IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Fecha y Hora | 27/03/2024 12:44:38 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XWGQSBUV5UWXNWAAFK4XPJ4 | Página | 60/64 |

Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, propone a corrección do dito erro no seguinte sentido:

*Onde di:*

Fra.nº FAV-23100-002706-Importe: 6.365.85 € + 1.336,83 €(ive deducible)=7.702,68 euros

Fra.nº FAV-23100-002707-Importe: 748,90 € + 157,27 €(ive deducible)=906,17 euros

*Debe dicir:*

Fra.nº FAV-23100-002706-Importe: 7.702,68 euros

Fra.nº FAV-23100-002707-Importe: 906,17 euros"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**20.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO 51/2024-P.**

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº 51/2024-P seguido a instancia de BFF FINANCE IBERIA SAU fronte á Deputación *"contra la INACTIVIDAD derivada del escrito presentado por mi representada en fecha 9 de julio de 2020 ante la DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO con base en el artículo 199 de la Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público (antiguo art. 217 TRLCSP)"*, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**21.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA 168/2023, DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE LUGO NO PA 116/2023**

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto que no Procedemento Abreviado 116/2023 seguido a instancia de D. Alejandro Rodríguez Carballal e ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº168/2023, de data 29 de setembro, cuxo fallo é o seguinte:

> *"Que debo ESTIMAR y ESTIMO el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de. ALEJANDRO RODRÍGUEZ CARBALLAL y ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA frente a la EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO seguido como PROCESO ABREVIADO número 116/2023, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que la declaro contraria a Derecho y la anulo; y en consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar al Sr. Rodríguez en la suma de 400 euros y a ALLIANZ en la suma de 1.516,08 euros; incrementada en ambos casos en el interés legal del dinero devengado desde el 4 de mayo de 2022.*
>
> *La entidad SEGURCAIXA ADESLAS SA responderá solidariamente hasta el límite de la franquicia contratada."*

Vista, asemade, a Dilixencia de Ordenación de data 22 de novembro de 2023 na que, entre outras cuestións, acorda declarar a firmeza da Sentenza.

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida – e visto que esta Deputación Provincial ten contratado un seguro de responsabilidade civil xeral no que se indica que a franquía máxima aplicable por sinistro será de 300 euros, a indemnización á que resulta condenada esta entidade consistirá na cantidade antes indicada, correspondendo o resto á compañía aseguradora – e tendo en conta, asemade, a

comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade antes indicada en concepto de franquía, comunicada polo Servizo de Intervención , á Xunta de Goberno proponse:

**1º .-** Darse por enterada da devandita Sentenza nº168/2023, de 29 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 116/2023.

**2º.-** Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza

**3º.-** O importe a abonar en concepto de franquía é de 300 euros a favor dos recorrentes D. Alejandro Rodríguez Carballal e ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A,; ingreso que se realizará na conta de depósitos e consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

*-Comunicación da Presidencia relativa á sesión da Xunta de Goberno correspondente ó día 29 de marzo de 2024.*

Por parte da Presidencia da Deputación comunícase o seguinte:

"Tendo en conta que a sesión da Xunta de Goberno correspondente ao día vinte e nove de marzo de 2024 coincide con día festivo, Venres Santo, e que, segundo o acordo adoptado na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno de 14 de xullo de 2023, pasaría ao martes día dous de abril, data que se achegaría ao día cinco de celebración da seguinte Xunta de Goberno.

Tendo en conta o anteriormente exposto, así como o sinalado no acordo da Xunta de Goberno de 14 de xullo de 2023. E logo de ver que as datas coinciden con diferentes turnos de vacacións de Semana Santa, e dado que non se prevé que poidan existir asuntos urxentes e, en caso de habelos, podería avocarse a competencia polo Sr. Presidente

Por todo o anterior, e dado que lle corresponde ó Presidente a convocatoria das sesións da Xunta de Goberno, procede que non se celebre a sesión da Xunta de Goberno correspondente ao día vinte e nove de marzo, e polo tanto que a mesma non sexa convocada".

A Xunta de Goberno queda enterada.

**23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**